



Ola familias,

Cómo vai ese confinamento? Desexamos que vaia todo ben, que o estedes levando da mellor maneira posible e aproveitando ao máximo do tempo en familia.

Esta semana propoñemos unha serie de **actividades** para traballar a **comprensión lectora** (minicontos comprensivos, completar frases coa palabra correcta, completar frases con verbos, un xogo da OCA, ademáis dunha serie de tarxetas de comprensión lectora, tanto para comprobar se entendedes o que se vos pide como xogar a adiviñar o obxecto descrito) e actividades para traballar as **dislalias** (r forte, r suave, s, z, k). Estas actividades propostas son de apoio e reforzo a todas as actividades propostas polxs titorxs e para aquelxs que as desexen realizar.

Todo o material proporcionado é para que o usedes a través de distintos dispositivos (móvil, ordenador...) evitando deste maneira ter que imprimir.

Para facer máis amena esta situación recomendámosvos os seguintes **xogos** polo seu carácter didáctico, divertido e participativo para toda a familia sen importar a idade:

- Dobble de Asmodee, xogo de cartas de buscar obxetos.
- Palabrea de Ludilo, xogo de decir palabras mediante unha letra aleatoria sobre cidades, animais, cores, plantas, etc.
- Cube Story de Rory,s, xogo de dados con imaxes para inventar contos.
- Dixit de Libellut, xogo de cartas ilustradas para inventar minirelatos.

Deixámosvos tamén o enlace a un novo **conto** sobre o COVID-19, "*mi héroe eres tú*", por si queredes votarlle unha ollada:

https://interagencystandingcommittee.org/system/files/2020-04/My%20Hero%20is%20You%2C%20Storybook%20for%20Children%20on%20COVID-19%20%28Spanish%29_1.pdf

Para calqueira dúbida ou suxerencia podedes facelo a través do correo do centro: ceip.petelos@edu.xunta.es

Un saúdo e moito ánimo nesta situación tan atípica que nos tocou vivir.

O Departamento de Orientación

- Mestra A.L: Tamara Fernández Tenorio
- Mestra P.T: M^a Jesús Navarta Pardo
- Xefa do D.O: Alejandra Bóveda Chenlo